



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL E A ASOCIACIÓN "COMETA" PARA A PROMOCIÓN DA ADOPCIÓN DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS ABANDONADOS DO REFUXIO DE ANIMAIS DE MOUGÁ

REUNIDOS

Dunha parte, Jorge Juan Suárez Fernández, maior de idade, con DNI nº 36148020R, Presidente da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, que actúa na representación desta Mancomunidad.

Doutra parte, Marcos Bermúdez Otero, maior de idade, con DNI nº 76417488B Presidente da Asociación de protección e defensa dos animais domésticos "Cometa", en nome e representación desta entidade, á que representa legalmente.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente capacidade para obrigarse na representación que ostentan e polo tanto para o outorgamento do presente convenio de colaboración e

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 1/1993 do 13 de abril de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, desenvolvida polo Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, atribúe aos municipios a competencia da recollida de animais domésticos abandonados e prevé a posibilidade de colaboración coas asociacións de protección e defensa de los animais.

Segundo.- O Refuxio de Animais de Mougá é un establecemento inscrito como Centro de Recollida de Animais abandonados no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro de Galicia, conforme establece o citado Decreto 153/1998, e cedido polo Concello de Ferrol á Mancomunidad de Concellos de Ferrol para a prestación dun servizo Mancomunado.

Terceiro. A xestión do refuxio de animais de Mougá é actualmente realizada pola empresa pública TRAGSATEC en virtude do convenio suscrito o 5 de xuño de 2013 entre a Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol e o Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

Cuarto. A asociación "Cometa" é unha entidade inscrita no Rexistro Xeral de Asociacións para a Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Cativeiro de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais do Concello de Narón, e acredita non ter sido sancionada pola comisión de infraccións en materia de benestar animal.

Quinto. O Refuxio de Animais de Mougá é xestionado de acordo coa política de "Sacrificio Cero", e por tanto a súa sustentabilidade depende, por unha banda, da prevención do abandono, mediante a identificación dos cans e a tramitación de denuncias aos propietarios que abandonan os seus animais; e, por outra, da adopción dos animais abandonados que se encontran no refuxio.

Sexto. Internet e as redes sociais constitúen na actualidade un dos medios máis eficientes para concienciar dos problemas da nosa sociedade e promover a solidariedade cidadá. A Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol conta cunha web propia na que se publican as fotografías e información básica de cada un dos animais adoptables que se



aloxan no refuxio de Mougá, e periodicamente envía, coa colaboración do gabinete de prensa do concello de Ferrol, comunicados de prensa sobre a actividade do Refuxio e as historias dos animais aloxados no centro. Con todo, tendo en conta a magnitude do problema do abandono de animais, a capacidade da Mancomunidad é insuficiente para facer chegar a información á cidadanía.

Sétimo. "Cometa" realiza un intenso labor en Internet e nas redes sociais promovendo a adopción e a tenza responsable, e conta cunha posición estratéxica nestes medios, grazas ao elevado número de seguidores e visitas das súas publicacións. En consecuencia, a colaboración de Cometa na promoción da adopción de animais no Refuxio de Animais contribuiría tanto aos fins desta entidade como aos fins da Mancomunidad en materia de benestar animal.

CONDICIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio é promover a adopción dos animais aloxados no refuxio mediante a difusión nas redes sociais de fotografías e historias de animais adoptables.

SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO

2.1. No desenvolvemento das actividades descritas neste convenio poderá actuar como interlocutor por parte da asociación Cometa calquera das persoas que forman parte da Xunta Directiva da asociación, e exclusivamente estas persoas, cuxos nomes e D.N.I. se relacionan no Anexo I a este convenio. A estes efectos, a asociación queda obrigada a notificar á Mancomunidad calquera cambio na composición da Xunta Directiva.

2.2. O veterinario ao cargo do refuxio actuará como interlocutor por parte da Mancomunidad, e colaborará activamente enviando periodicamente imaxes e información sobre os casos máis relevantes. Igualmente proporcionará a información solicitada por Cometa en relación con calquera dos animais en adopción aloxados no refuxio, e facilitará as visitas ao centro do interlocutor de Cometa para coñecer e fotografar os animais. En calquera caso, nesta actividade deberán observarse as directrices do centro determinadas pola normativa de protección de datos de carácter persoal, seguridade e hixiene e benestar animal, e o regulamento específico do centro.

2.3. Cometa difundirá estes contidos na súa web e, dende as súas propias contas ou usuarios, nas redes sociais coa finalidade de promover a adopción e concienciar sobre o abandono. Dita difusión realizarase de acordo cos criterios que se acorden co Refuxio, establecendo preferencia sobre os animais cuxa adopción se considere máis urxente ou necesaria, atendendo ao seu benestar físico ou emocional, e respectando en todo momento o establecido na LOPD. Os relatos sobre historias de animais deberán ser feis aos datos obxectivos, centraranse nestes casos e no obxecto do convenio, e evitarán a linguaxe ofensiva contra persoas ou colectivos, sen prexuízo das accións e medidas legais que se consideren oportunas ante a presunta comisión de delitos ou infraccións en materia de benestar animal. En calquera caso a información publicárase en nome da Asociación e baixo a súa responsabilidade.

2.4. A asociación poderá asesorar ás persoas interesadas en adoptar sobre a súa decisión, recomendando sempre unha visita ao centro e unha entrevista co veterinario responsable do Refuxio antes de tomar a decisión, e advertindo de que a solicitude formal se debe dirixir directamente ao Refuxio. Así mesmo, poderá asesorar ao Refuxio sobre a idoneidade dos



adoptantes, sen que dito asesoramento teña carácter vinculante. En calquera caso o procedemento de adopción axustarase á normativa de benestar animal e ao establecido na *Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de lacería, recollida, aloxamento e control e animais domésticos* e no *Regulamento de funcionamento do servizo mancomunado de lacería e refuxio de Mougá*.

2.5. A comisión de infraccións/delitos durante a execución das actividades recollidas neste convenio pero derivadas do incumprimento das condicións establecidas no mesmo será responsabilidade do infractor.

TERCEIRA.- RECOÑECIMENTO DA COLABORACIÓN.

A colaboración prevista neste convenio non será compensada economicamente, pola súa natureza e por tratarse dunha actividade que contribúe por igual aos fins de ambas entidades. Con todo, ambas partes comprométense a publicar recíprocamente nun lugar visible das súas webs este convenio e o logotipo da outra parte cun enlace á súa páxina web, así como a colaborar na difusión das actividades de cada unha en materia de benestar animal.

CUARTA.- DURACIÓN DO CONVENIO.

O presente Convenio terá vixencia de dous anos dende a súa sinatura, podéndose prorrogar anualmente previa negociación do mesmo, salvo que unha das partes renuncie expresamente con tres meses de antelación á finalización do mesmo..

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante designado por cada unha das entidades asinantes. Dita Comisión ocuparase do tratamento e resolución de calquera tipo de circunstancia ou situación non prevista, así como das incidencias que se puidieran producir no desenvolvemento da actividade.

QUINTA.- INTERPRETACIÓN DESTE CONVENIO

Corresponde ao Pleno da Mancomunidad e á xunta directiva da Asociación Cometa a facultade de interpretar este Convenio, así como de acordar a súa rescisión en caso de incumprimento por parte da entidade Cometa ou da Mancomunidad de calquera das obrigas contidas no documento.

SEXTA.- APLICACIÓN NORMATIVA

O presente Convenio rexeráse polas súas disposicións, e en defecto das mesmas aplicarase a lexislación de réxime local, así como a normativa aplicable en materia de benestar animal e protección de datos de carácter persoal.

E en proba da conformidade, ambas as partes subscriben este Convenio

Ferrol, 15 de marzo de 2017

O Presidente da Mancomunidad

Jorge Juan Suárez Fernández

O Presidente de Cometa,

Marcos Bermúdez Otero